



Axenda #FIOT32 | Do 11 ao 15 de outubro

absoluta de *É meu amigo!* terá lugar mañá, mércores 11, ás 18.00 horas, no Pazo da Cultura; e a entrada será libre ata completar a capacidade do auditorio. O FIOT apoia este espectáculo -dirixido especialmente ao público infantil- preocupado tamén por manter un comportamento socialmente responsable e pola atención ás necesidades de todo o público, e lembra que **habrá espazos nas primeiras filas para persoas e familias con diversidade auditiva.**

O acto desta mañá tamén deu pé ao anuncio da **inauguración, este mércores 11 ás 20.00 horas, da exposición *Vida e legado de Carlos 'O Xestal'*** unha proposta monográfica que se achega á persoa e ao traballo artístico do narrador oral Carlos Díaz Gestal, coñecido como 'O Xestal', a través dalgúns obxectos persoais e de gravacións que del se conservan. A mostra, que se situará no andar -1 do Pazo da Cultura, poderase visitar até o 12 de novembro.

PROGRAMACIÓN DO FIOT NA PONTE DE OUTUBRO

Alén da estrea de *É meu amigo!*, o público infantil -especialmente a partir dos 8 anos- poderá gozar con outros espectáculos ao longo desta extensa fin de semana. Así, o día 12, o recoñecido clown catalán Guillem Albà presentará no marco do ciclo **OTNI (Obxecto Teatral Non Identificado)**, unha dobre función do seu premiado espectáculo *Ma solitud* -Premio Fetén 2023 ao Mellor Espectáculo de Pequeno Formato- que estreará en Galicia e do cal ofrecerá sesións ás 18.00 e ás 20.30 horas. Ao día seguinte, o venres 13, a compañía pioneira no teatro de marionetas en Galicia, Os monicreques de Kukas, presentará ***Gernika (Danos colaterais)***, un alegato antibelicista, stuíl e poético que rende honmanxe a Picasso. Na peza, pensada para pases de 5 minutos, cun único espectador, conta cun formato de teatro íntimo, case de pintura en movemento, no que prima o traballo artesanal e a mirada plástica e artística.

Para público miúdo tamén é o espectáculo que abrirá unha nova edición do **FIOT en Ruta**, o programa do festival que leva as artes escénicas ás parroquias de Bergantiños. Así, o xoves 12, o clown galego Roi Borrallas presentará no Centro Social de Oza, ás 19.00 horas, o seu espectáculo *Solo*, proposta na que, a través dos monicreques, da manipulación de obxectos e do humor, reflexionará sobre a soidade e as caretas que todas e todos nos poñemos no día a día.

No caso do **Programa de Sala**, a programación estará marcada pola estrea absoluta, o venres 13, de *O pequeno poni*, de Paco Bezerra (Premio Nacional de Literatura Dramática 2019), cunha adaptación ao galego presentada pola compañía Redrum Teatro baixo a dirección de Álex Sampayo. Protagonizada por Guillermo Carbajo e Laura Míguez, a peza aborda o acoso escolar e a homofobia. Ao día seguinte, ás 17.00 horas, o Dubra Café acollerá unha nova sesión da Escola do espectador nas ondas na que participarán Paco Bezerra e Álex Sampayo.

Ademais, o sábado 14 o auditorio do Pazo da Cultura acollerá unha función de *Sexpiertos*, que chega da man de **Camión Escena Norte**, o programa de intercambio cultural a través das artes escénicas que se desenvolve entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra. Na súa quinta edición, CEN -que se vinculou ao festival desde os seus inicios- escolleu FIOT como a iniciativa cultural galega de referencia para visualizar nos demais territorios participantes no proxecto. Nesta ocasión, propón un espectáculo distinguido co Premio Max 2023 á Mellor Labor de Producción, e que conta co intérprete **Telmo Uriarte** -Premio Goya 2023 ao Mellor Actor Revelación- como cocreador e coprotagonista.





Axenda #FIOT32 | Do 11 ao 15 de outubro

Xa de cara ao domingo 15, o FIOT presentará un dos pratos fortes desta edición, a comedia negra **El Traje**, que conta con dúas das figuras máis recoñecidas do panorama escénico e audiovisual de España, como son os premiados **Javier Gutierrez e Luis Bermejo**. A cita, que en seguida esgotou as entradas dispoñibles, presentarase en Carballo o domingo 15 ás 20.30 horas.

Por outra banda, a **Rúa dos Contos**, o XXIV ciclo de narración oral pioneiro en Galicia, ofrecerá dúas das súas sesións máis musicais do ano, Por unha banda, a narradora **Vero Rilo**, acompañada ao acordeón por **Santi Cribeiro** (Berrogüetto, Os d'Abaixo) presentarán no Casino 1889 (mércores 11, 21.00 horas) Tralalareira, historias de vida, de tradición oral e de contos para cantar. Dúas horas despois, ás 23.00 horas, a Taberna O Patacón acollerá o concerto *Por elas*, de **Ahara & Ritman**, no que a protagonista absoluta serán as letras das cancións.

Finalmente, o sábado 14 dará comezo o **VII Certame de Micro-Escenas Metro Cadrado**, a proposta de microteatro do FIOT para apoiar a creación escénica de novos formatos e a compañías e artistas emerxentes, un espazo no que poder experimentar e investigar sobre os límites do feito teatral. O acceso a estes espectáculos é gratuíto, mais cómpre facer unha reserva de praza previa a través do enderezo electrónico fiot.microteatroentrada@gmail.com. As primeiras sesións terán lugar o sábado no taller de olaría Crúa María Barca, na que se estreará *Ananké? Edipo en 15 minutos*, de **Contradictoria Compañía**, -na que a través do metateatro e o humor cuestionarán a liberdade do ser humano- e na pista de skate, na que **Souvenir** representará *O que é o raio, nin maldita idea*, un espectáculo que xoa coas expectativas do público nunha viaxe surrealista e irónica. Haberá catro funcións (12, 13, 18 e 19h) de cada peza.

AXENDA #FIOT32 | DO 11 AO 15 DE OUTUBRO

Mércores 11, 18.00 horas. Pazo da Cultura

É meu amigo!, de A trastenda dos contos | *Estrea absoluta*

Mércores 11, 20.00 horas. Pazo da Cultura

Inauguración da exposición *Vida e legado de Carlos 'O Xestal'*

Mércores 11, 21.00 horas. Casino 1889

Tralalareira, de Velo Rilo e Santi Cribeiro

Mércores 11, 23.00 horas. Taberna O Patacón

Por elas (concerto), de Adhara e Ritman

Xoves 12, 18.00 e 20.30 horas. Pazo da Cultura

Ma solitud, de Guillem Albà | *Estrea en Galicia*

Xoves 12, 19.00 horas. Centro social de Oza

Solo, de Roi Borrallas

ORGANIZAN:



PATROCINAN:



COLABORAN:



MEDIO OFICIAL:





Axenda #FIOT32 | Do 11 ao 15 de outubro

Venres 13, 17.30 horas. Pazo da Cultura

Gernika (Danos colaterais), de Os monicreques de Kukas

Venres 13, 21.00 horas. Pazo da Cultura

O pequeno poni, de Redrum Teatro | *Estrea absoluta*

Sábado 14, 12.00, 13.00, 18.00 e 19.00 horas. Crúa María Barca. Taller de olería

Ananaké? Edipo en 15 minutos, de Contraditoria Compañía | *Estrea absoluta*

Sábado 14, 12.00, 13.00, 18.00 e 19.00 horas. Pista skate (Rego da Balsa)

O que é o raio, nin maldita idea, de Souvenir

Sábado 14, 17.00 horas. Dubra Café

Escola do espectador nas ondas. Coa participación de Álex Sampayo (director de Redrum Teatro) e Paco Bezerra, Premio Nacional de Literatura Dramática 2019 e autor de *O pequeno poni*.

Sábado 14, 20.30 horas. Pazo da Cultura

Sexpertos, de Tanttaka Teatro

Domingo 15, 20.30 horas. Pazo da Cultura

El traje, con Javier Gutiérrez e Luis Bermejo

CONTACTO DE PRENSA FIOT

Luisa Castiñeira | 620 113 155

Lucía Pita | 675 404 321

comunicacion@fiot.gal

SALA DE PRENSA #FIOT32

www.fiot.gal/prensa

ORGANIZAN:



PATROCINAN:



COLABORAN:



MEDIO OFICIAL:

